



Estimado /a director/a:

Un curso máis poñemos en marcha o **Plan Director para la Convivencia y la Mejora de la Seguridad en los Centros Educativos y sus Entornos**, desenvolvido polas Forzas y Corpos de Seguridade do Estado.

Este programa responde a unha das principais liñas de actuación do Goberno e desta Delegación, como é o impulso da educación en valores e a importancia da prevención e información como elementos fundamentais para a mellora da sociedade.

A proposta de actividades inclúe aspectos tan relevantes como o acoso escolar, os riscos asociados ao uso das redes sociais, o consumo de estupefacientes e alcohol, a violencia nos centros escolares, os abusos e agresións sexuais e a violencia sobre a muller, o maltrato no ámbito familiar, os comportamentos racistas e xenófobos e a discriminación por razón de sexo ou raza, entre outros. Son temas de especial importancia e interese para toda a comunidade educativa, polo que desde a Delegación do Goberno en Galicia vos animamos a participar activamente.

Para facelo, poñemos a túa disposición o persoal especializado das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto có das Unidades de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia e as súas subdelegacións que, en colaboración coa Alta Inspección de Educación en Galicia e a Inspección Educativa da Xunta de Galicia, son os responsables do desenvolvemento deste proxecto.

No contexto da pandemia mundial de COVID-19, as actividades deste programa estarán sempre suxeitas ao cumprimento da normativa e dos protocolos de seguridade establecidos polas autoridades sanitarias e da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Se tedes interese en coñecer ou en participar, podedes descargar toda a información e a solicitude, no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector>.

Para calquera consulta podedes dirixirvos á Alta Inspección de Educación en Galicia por medio do correo electrónico: plandirector.galicia@correo.gob.es ou do teléfono: 981 989 555.

Recibe un cordial saúdo.

Forte abraza